



INSTRUCCIÓN DO 31 DE OUTUBRO DE 2017 DA VICERREITORÍA DE POLÍTICA CIENTÍFICA,  
INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA, QUE MODIFICA A DO 16 DE MARZO  
DE 2016, POLA QUE SE REGULA A ACTUALIZACIÓN DO SEU CATÁLOGO DE INVESTIGACIÓN

O Consello de Goberno da Universidade da Coruña aprobou o 10 de febreiro de 2005 un novo catálogo de investigación e un Regulamento para recoñecemento de grupos de investigación, que despois experimentou varias modificacións. A máis recente, do 30 de outubro de 2017, introduciu varias novas categorías na composición do persoal dos grupos e unidades de investigación, o que fai necesario actualizar a instrución que se ditou o 16 de marzo de 2016 para regulamentar os trámites de altas e baixas nos rexistros do catálogo. No devandito regulamento delégase o seu desenvolvemento na Comisión de Investigación, e establécese que o recoñecemento como grupo de investigación se lle debe solicitar á vicerreitoría con competencias en materia de investigación no último trimestre de cada ano. A experiencia destes anos, e a implantación definitiva do método de financiamento plurianual a partir da avaliación ANEP, fai recomendable establecer un procedemento de traballo que axilice a actualización do catálogo e ao mesmo tempo garanta a estabilidade necesaria para organizar e xestionar a actividade investigadora da UDC.

A presente instrución ten por obxecto definir o protocolo de actuación para modificar os rexistros do catálogo a teor da súa natureza, identificando os axentes implicados e o marco temporal para desenvolver as accións que procedan.

En consecuencia, e en virtude do acordo tomado pola Comisión de Investigación o 15 de marzo de 2016, dispónse o seguinte:

### **1. Ámbito de aplicación**

Os procedementos contidos na presente instrución incumben aos membros da Comisión de Investigación delegada do Consello de Goberno, aos investigadores da UDC e ao persoal de administración e servizos da Sección de Persoal e Axudas Propias do Servizo de Investigación (SERIN).

### **2. Árbore de procedementos de actualización do catálogo de investigación da UDC (@ = procedemento electrónico integrado no Sistema Universitario de Xestión da Investigación)**

A. Modificacións que se poden facer en calquera momento do ano

A.1. Que requiren o visto e prace da Comisión de Investigación

A.1.1. Por petición das persoas que coordinen os grupos/unidades



- Cambio do nome ou acrónimo do grupo/unidade
- Fusión de grupos/unidades que xa estivesen rexistrados no catálogo

A.1.2. Por petición das propias persoas interesadas, co visto e prace dos/as coordinadores/as dos grupos/unidades receptores

- Incorporación de investigadores individuais que xa estivesen rexistrados como tales no catálogo a grupos/unidades preexistentes
- Cambio de grupo/unidade, tanto de profesores e investigadores incluídos nas categorías M1, M2, M5 e M6 da relación de membros recollida no Regulamento, como de colaboradores das categorías C1 e C3

A.2. Que non requiren o visto e prace da Comisión de Investigación

A.2.1. Por petición do grupo/unidade

- Cambio de coordinador

A.2.2. Por petición da persoa que coordina o grupo/unidade

- Lista de áreas tecnolóxicas (@)
- Lista de áreas ANEP (@)
- Área de proxección (@)
- Oferta investigadora ou información tecnolóxica (@)
- Baixa como coordinador/a

A.2.3. Por petición das propias persoas interesadas, co visto e prace das que coordinen os grupos/unidades

- Incorporación de profesores e investigadores incluídos nas categorías M1, M2, M5 e M6 da relación de membros recollida no Regulamento, sempre que non estean xa rexistrados no catálogo
- Incorporación de colaboradores das categorías C1 e C3, sempre que non estean xa rexistrados no catálogo
- Novas liñas de investigación ou cambio dalgún dos responsables das existentes (@)

A.2.4. Por petición do correspondente membro do grupo/unidade, na súa condición de director de tese, investigador principal de proxecto-contrato-convenio, ou responsable da visita de persoal



investigador doutras entidades, sempre co visto e praxe da persoa coordinadora do grupo/unidade

- Incorporación de membros das categorías M3 e M4
- Incorporación de colaboradores das categorías C2, C4, C5 e C6

#### A.2.5. Por petición das propias persoas interesadas

- Alta no catálogo como investigador/a individual
- Baixa no catálogo como investigador/a individual
- Baixas de membros de grupos/unidades, cando transcorresen polo menos tres anos desde a súa incorporación (agás de se tratar de quen coordina o dito grupo/unidade)

#### A.2.6. De oficio, pola Sección de Persoal e Axudas Propias do SERIN

- Baixas de membros de grupos/unidades e investigadores individuais por cesamento da súa vinculación coa UDC
- Baixas de doutorandos por cambio de director de tese, cando o novo director pertence a outro grupo/unidade
- Baixas de colaboradores cando transcorresen os prazos sinalados no regulamento ou se extingue a condición que propiciou a súa incorporación ao catálogo
- Baixas de grupos/unidades que queden cun só membro
- Baixas de grupos/unidades cando se dea de baixa a persoa coordinadora e non se propoña unha nova

#### B. Modificacións que só se poden facer nos prazos establecidos

##### B.1. Que requiren o visto e praxe da Comisión de Investigación

###### B.1.1. Por petición do grupo/unidade

- Baixa no catálogo

###### B.1.2. Por petición da persoa coordinadora do grupo/unidade

- Baixa de membros pola inexistencia probada de actividades realizadas dentro do grupo
- Adscrición do grupo/unidade a un departamento, instituto, ou centro tecnolóxico (@)

###### B.1.3. Por petición das propias persoas interesadas



- Recoñecemento como novo grupo/unidade do catálogo
- Baixa nun grupo/unidade antes de que transcorresen os tres anos preceptivos desde a súa incorporación ao dito grupo/unidade

#### B.1.4. Por petición da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia

- Disolución de grupos/unidades tras 6 meses continuados de incumprimento das condicións que establece o regulamento vixente para a súa constitución e mantemento
- Baixa de investigadores individuais por non desenvolveren tarefas de investigación

## **2. Prazo de solicitude para todas as modificacións de tipo B**

Todas as solicitudes de cambios de tipo B deberán enviarse á Vicerreitoría de Investigación entre o 1 de outubro e o 15 de decembro de cada ano, co obxecto de que as modificacións que se aproben produzan os efectos oportunos nas axudas que reciban os grupos, unidades e investigadores individuais do catálogo durante o ano seguinte.

## **3. Efectos económicos das modificacións do catálogo**

O cálculo do financiamento plurianual dos grupos, unidades e investigadores/as do catálogo da UDC detállase nas bases reguladoras do procedemento de avaliación plurianual pola "Agencia Nacional de Evaluación e Prospectiva" (ANEP), que fixan unha periodicidade anual para a actualización dos coeficientes base obtidos polos mesmos na última avaliación activa que teñan, en función das modificacións que se producisen na súa composición. Utilizarase para este cálculo a configuración do catálogo ao 1 de xaneiro do ano que corresponda. En todo caso, lémbrese que un novo grupo ou unidade so se poderá someter a avaliación ordinaria cando polo menos o 50% dos seus membros non fosen aínda avaliados ou xa transcorresen tres anos dende a súa última avaliación. Así mesmo, un grupo, unidade ou investigador/a individual só se poderá someter a reavaliación cando exactamente ese mesmo grupo unidade ou investigador/a individual fora xa avaliado no ano anterior.

A Coruña, 31 de outubro de 2017

O VICERREITOR DE POLÍTICA CIENTÍFICA, INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA

Salvador Naya Fernández